

Vákner [PRIMEIRO PREMIO]



Deva Pérez de León

Colexio Montessori Compostela

Un laído ronco e tristeiro saíu das entrañas da fraga. O rachón ardía na lareira, e unha muller observaba como as faíscas saían do lume coma demos, danzando ao son da voz. As chaves da casa colgaban xunto da lareira, sinal de que a porta non se pechara. Ela agardaba por alguén.

A porta entornouse e un fociño húmido entrou pola regaña. Unha fera saltou sobre a muller.

—Es ti, Moncho?

A muller fitou naqueles ollos inxectados en sangue.

—Ah! Da súa boca non saíu nada máis.

Non moi lonxe, o bispo Mártiros cruzaba a fraga camiño de Fisterra. Detívose coa sensación de que o estaban a observar. Para facer tempo, recolleu uns poucos figos á beira do camiño, disimulando a súa inquietude. Naquel momento non atopou sinais do perseguidor e apurando o paso co corazón nun puño chegou a unha aldea de Dumbría.

Petou na entrada dunha cabana arredada da aldea e a porta renxeu ao abrir, deixando á vista unha escena horrorosa. O chan estaba empozado de sangue, pero foi a vista da muller, sentada no escano da cocina, o que lle quitaría o sono durante a súa vida. Mesmo eu ás veces esperto desacougada polo terrible final daquela muller.

O corpo sen vida semellaba unha boneca. Tiña o pescozo coma o carozo dunha mazá mordida. Os seus ollos eran dúas estrelas mortas. Inexpresivos, fríos coma cristais: os ollos da morte.

Un lobo negro co fociño luxado de sangue saíu tras da porta.

O bispo correu, fuxiu batendo cos toxos e os raigaños das árbores, ata que esvarou caendo ao río. A fera rosmou e deu volta, perdéndose na escuridade.

Uns labregos recolleron ao maltreito e arrepiado bispo e levárono a Compostela. O pesadelo rematara. Para el...

Anos despois, Mártiros, xa de volta na súa terra, Armenia, chamará a este animal O Vákner.



Zoe Glasscock Nores

Colexio Agro do Muíño (Ames)

Un ser érguese sobre a terra, deixa ver a leve sombra. De ruído, e, sen facer o menor son, tre as sombras da noite. Pasan milia de esquíus que dormen ninguén esperta. É como se estivese preto na terra, espera!, o único alguén... Érguese sobre a súa

—Chin! —o microondas a tres pensaba.

—Mara! Roi! A comida es

mounos sen decatarse de que Mara estaba con e

—E Roi? —preguntou ao xirarse—. Roi! A comida está na mesa! Roi chegou correndo polas escaleiras.

—Anda! Grazas, Mara! —dixo Roi.

Mara xa rematara de poñer a mesa.

—A boas horas —susurrou M

—Mañá prométoche que p

eu a mesa.

Mara mirou arriba.

—O de

sempre...

O monstro Vákner [SEGUNDO PREMIO]



Cayetana Gzlez. San Luis

Colexio Peleteiro (Santiago)

Abundan en Galicia, forman parte da cultura galega, lendas e mitos, historias de bruxerías, de santos e vellas que curan enfermidades, de

vivos que non morren, e de monstros. Bosques con grandes e antigas árbores, cubertas de frondosas copas, que xeran sombras que dan medo. Bosques rodeados de camiños que as xentes percorren para atopar nas meigas remedios que non lles proporciona a ciencia.

O camiño máis coñecido alén dos mares e terras estranxeiras é o Camiño de Santiago, que chega ata Fisterra. Alí atópase a Costa da Morte, co faro do fin do mundo. Nesta comarca sitúase Dumbría, con espesas zonas de piñeiros, carballos, loureiros e acivros, rodeados de matogueiras, que cubertos de nubes baixas, ou na escuridade da noite, invitan a non pasar: o corpo trema de medo. É unha terra chea de maxia e misterio, con vestixios de dolmens, mámoas, petróglifos, castros, castelos, minas abandonadas, albergues para peregrinos, e o río Xallas, que é o único de Europa que desemboca na ferverza do Ézaro, que cae directamente ao mar.

Nos primeiros anos do século XV, os condes de Altamira tiñan todas estas terras baixo a súa xurisdición: implantaron o seu poder, excedéndose na autoridade, gobernando no nome do rei. Castigábase á poboación dándolle malleiras, ou co asasinato. Os aldeáns non apreciaban ao conde e, ao final, matárono. Botaron o seu corpo ao bosque de Dumbría.

Uns centos de anos despois, no outono de 2020, cando caían as follas e o vento arrefriaba, unha moza de Santiago, investigadora das lendas en Galicia, atopou un libro sobre a criatura mitolóxica Vákner. Chámalle moito a atención e decide estudalo. Trasládase a Corcubión, e aluga unha

pequena cas con lareira e un gastado sofá, no que sentaría a ler. Unha vez instalada, acende o lume, fai un café e séntase a ollar o libro. Tratábase dun estudo sobre o Vákner, unha criatura ancestral, un monstro que vivía nos bosques de Dumbría e que atacaba aos peregrinos que por alí pasaban para chegar a Fisterra.

Segundo a tradición, era moi grande, con forma humana, cunha cabeza enorme, semellante á dun lobo, cuns dentes fortes e totalmente cuberto de pelo. Así o describían os que o viron e non morreron. Atacaba a todo aquel que ousara meterse nos seus dominios. A moza decidiu que tiña que estar no lugar no que sucedían os feitos, e pensou en pasar no bosque unha noite, xusto ao carón da entrada dunha mina: probablemente viviría alí, se realmente existía. Era pola noite, con lúa chea, noite de lobishome: din que as persoas que están tolas póñense peor. Estaba ben abrigada, tiña un saco de dormir e unha lámpada de petróleo. A néboa e as copas das árbores impedían ver, pero a luz brillante da lúa inundábo todo. O ambiente era terrorífico, pero fermoso. Cando deron as doce, uns seres estraños, semellaban demos, xurdiron da mina. Escoitou un ruído que lle atravesou o corpo, caeu na conta de que o Vákner estaba alí, moi preto. Estivera tan obsesionada con esta historia que non deu na conta dos perigos nos que se podía atopar nesta arrepiante aventura. Intentou fuxir, pero servíulle de pouco: era como se estivese atrapada nunha cristaleira, non era capaz de saír. Volveu escoitar o ruído, cada vez máis preto. Veu o final da súa vida. Apareceu unha sombra, corpulenta e peluda. Aterrorizada, botouse cara atrás, manténdose queda e calada: sabía que o Vákner só cheiraba o medo, e escoitaba os berros, pero non vía. Desexou un milagre. Toda a súa vida lle pasou por diante. Deuse por vencida. O monstro agarrouna. Sorriu, tería enerxía para uns cantos días máis. O conde seguiría mandando nos bosques de Dumbría.

Pelos na almofada [TERCEIRO PREMIO]



Julia Abelleira Ferreiro

Colexio Agro do Muíño (Ames)

A miña vida é ben triste. Pola noite a ouvear e polo día a durmir.

Non recordo o que me pasou. Eu vivía feliz na miña aldea, na casa cos meus seis irmáns maiores. Sempre andabamos a xogar, a rir e a facer festas. Polo Nadal celebrabamos o meu aniversario, pois nacín no día de Noiteboa. Unha noite de lúa chea sentín que algo chamaba por min. Botei a correr e cheguei a sete fontes, sete pontes e sete montes. Sentínme mellor ca nunca. Ata atopei outros mozos coma min aos que lles medraran os pelos, as unllas, o fociño e mailos caninos. Pensei que eran os meus irmáns que andaban a enredar e a asustar aos veciños e máis aos peregrinos que ían camiño de Santiago.

Cando empezou a raiar o sol tiven ganas de volver para a casa. Mentres almorzabamos escoitei falar aos meus pais cuns veciños. Falaban baixiño para que nós non os escoitáramos. Dician que había uns lobishomes que andaban a ouvear polas noites e que daban arrepíos só de escoitalos. Falaban de que ninguén podía saír da casa ao pechar a noite. Aquilo si que me amolou. Agora xa non podería xogar ás agachadas cos meus amigos pola aldea. Pregunteille aos meus irmáns se sabían algo diso e dixéronme que calara e que recollera os pelos que deixaba todas as noites na almofada.

O Vákner en Dumbría [CUARTO PREMIO]



Naiara Túñez Trillo

CEIP Santa Eulalia (Dumbría)

Uxía é unha nena de dez anos que vive nunha aldea do concello de Dumbría chamada Anseán. Alí hai moitos animais cos que ela xoga todos os días, gústalle moito. Tamén lle gusta ir ao colexio para xogar cos seus amigos e aprender. Un día, Uxía levantouse, coma todas as mañás, para ir ao cole, vestiuse, almorzou, preparou a merenda, colleu a bolsa e marchou andando acompañada do seu can para a parada do autobús. Cando ía polo camiño, o seu can pisou un cristal e cortou unha patilla. Uxía colleuno, quitoulle o cristal e levouno á casa. Xa de volta á parada, deuse de conta de que o autobús xa pasara, así que decidiu ir andando ao colexio por un atallo do monte. Era un día de néboa no que apenas se vía. Xa levaba un anaco camiñando e non vía o colexio por ningún lado, así que se deu conta de que estaba perdida, cunha néboa coa que non podía saber onde estaba. Púxose un pouco nerviosa.

Sentou nunha pedra, xa que estaba cansa de andar tanto. De súpeto escoitou un ruído, coma se fose un ouveo, e colleu moito medo. Tanto colleu que quedou parada sen poder moverse e cada vez escoitábanse os ouveos máis cerca. Uxía pechou os ollos e non se moveu ata que deixou de oír eses ouveos tan fortes. Cando os abriu non podía crer o que estaba vendo diante dela: era un lobo moi grande, pero tamén moi raro, xa que andaba enriba das patas de atrás, era negro, e cuns dentes moi longos. Estaba a mirala con moi mala cara, e ela tremía de medo.

—Ola meniña, como te chamas?

—Uxía.

—E logo, estás perdida?

—Si, perdínme camiño ao colexio. Vasmе comer?

—Non, non te vou comer, eu non como a ninguén.

—Ti es o Vákner que come aos peregrinos que pasan por estes montes de Dumbría?, preguntoulle a meniña.

—Si, eu son o Vákner, pero non como a ningún peregrino nin a ningunha persoa.

—Entón, por que din iso?

—Porque os peregrinos que pasan por aquí cando hai néboa pásalles o que che pasou a ti. Eu só quero axudarles a encontrar o camiño, pero como son tan feo e poño tanto medo, escapan de min e caen por un cantil que hai aquí preto, e eu non os podo salvar.

Entón Uxía xa perdeu o medo todo e díxolle que se podía indicarlle cal era o camiño ao cole.

—Vou acompañarte eu, porque aínda hai moita néboa e non quero que te perdas ou que caías polo cantil.

Uxía non podía crer o que lle estaba a pasar: ía polo monte co Vákner, esa besta que dician que comía homes e que era como un lobishome, cando en realidade era un lobo bo que só quería axudar aos peregrinos que se perdían a cruzar os montes de Dumbría e así non caer polo cantil.




ILUSTRACIÓN
COLEXIO O CO
(NEGREIRA) TRABALLO
ELABORADO DE FORMA
COOPERATIVA POLO
ALUMNADO DESTA CEN
TRO, UN DOS PARTICIPA
TES NO CONCURSO

CERTAME TERRITORIO VÁKNER: OS DEZ CONTOS SELECCIONADOS

da Nena do Camiño [QUINTO PREMIO]

só a luz da lúa chea
repente, escoita un
on, bota a correr, en-
a ao lado dunha fa-
placidamente, pero
fose o único ser es-
co non!... hai algo ou
presa e...
sustara a Mara men-

—Veña nenos, imos gozar destes fideos que tanto lle custou cocinar á vosa nai, vale?
Mara sorriu e sentou, encantábanlles os fideos da súa nai. Acendeu a televisión, nesa casa era costume ver as noticias mentres se comía.
—«Un home atopouse morto no bosque, despois de escoitar un berro. Calcúlase que morreu esta noite. O curioso é que non se sabe a razón da morte. A policía di que o home debía de estar perdido cando...» — O home das noticias falaba mentres sorbían os fideos.
—Estes da prensa son capaces de inventar calquera cousa con tal de ter unha noticia... —dixo a nai.
—Riiiiiiiiing! —soou o teléfono.
—Vou eu! —dixo a nai.
—Mara, Roi! Son os vossos amigos, van ir andar en bicicleta e preguntávos se queredes ir.

Os nenos dixeron que si e pouco despois marcharon.
—Imos por aquí —dixo Pablo, un dos amigos Alto! Chegamos.
—Este bosque é moi escuro...
—Pois por aquí pasa o Camiño de Santiago e é onde morreu o home que saíu nas noticias, dixo Pablo cun sorriso.
—Pablo! Este sitio é moi perigoso! Volvemos., dixo Mara.
—Eh! Aquí o que dirixe son eu! —sinalou Pablo.
—Calad, que foi ese son? —preguntou Lara, outra amiga.
As matogueiras movéronse, os nenos puxéronse uns contra outros, mortos de medo. De repente, dous ollos brillantes xurdiron e unha horrible figura elevouse. Medía 2,5 metros polo menos, e non lles quitaba o ollo. A balanzouse sobre eles.

—Ah! Morde! Sacádeme de aquí! —dixo Roi.
—Canto pesas!... —dixo Lara.
—Teño o pé atrapado!
—Temos que marchar, Mara... —dixo Pablo.
O ser xigante foise e perderon a Roi de vista pola néboa. Buscárono, pero non o atoparon. Mara ía comezar a chorar.
—Non te preocupes Mara, se non está é porque conseguiu escapar ou a criatura non lle fixo dano... —intentou tranquilizala Pablo.
Dende entón Mara volveu todos os días a buscar ao seu irmán, pero non o atopou... aínda. Chámanlle a Nena do Camiño xa que todos os peregrinos se atopaban con ela e marchaban, convencidos de ver unha pantasma, mortos de medo.

A expedición [SEXTO PREMIO]



Martín Matas Sánchez

Colexio Peleteiro (Santiago)

Caderno de bitácora
1500, 19 de outubro. Enviouse unha lexión de 20 homes a explorar o territorio Vákner: se o peregrino Mártir cruzou este bosque de Dumbria, nós tamén poderemos cruzalo. Somos mellores. Xa nos achegamos ao territorio da temida besta. Cando cheguemos alí acabaremos con ela, pero por agora acamparemos aquí.

1500, 20 de outubro. Amenceu. Como todas as noites, puxemos un vixía nocturno que nos protexa, pero só está a súa roupa, só queda iso, non hai ningún outro rastro ou indicio que nos leve ata el. Acórdome de que esta noite pareceume oír ouveos, ademais de berros, aínda que pensei que era a miña imaxinación. Imos entrar no bosque e buscaremos ao desaparecido, se segue con vida.

1500, 21 de outubro. Levamos un día en alerta, pero nada. Unha ra velenosa atacou a un dos nosos homes, pero xa se curou. Dende que nos adentramos neste bosque, sintome observado, e teño unha sensación moi sombría. Estou oíndo que alguén está berrando, escondereime o que queda de noite.

1500, 21 de outubro. O Vákner non para de atacar, pero non dá chegado aquí. O corpo parece de lobo, pero non o é, ten as orellas longas coma os trasnos, os seus ollos son amarelos, sen pupila. É xigantesco, e moi musculoso. Ten unha gran axilidade e perspicacia, a parte dunha tremenda ferocidade. Parece a fusión dun home e un lobo, podería chamárselle aos da súa especie lobishome. Ademais parece dotado forza de Satanás.

1500, 25 de outubro. O Vákner vólvese máis forte canto máis se enfurece. Só alguén bendito por Deus podería saír deste apuro. As reservas de comidas e as de auga xa empezaron a escasear moito, non sei se poderei aguantar moito máis tempo, quizais falei a miña misión.

1500, 29 de outubro. Está e a miña única oportunidade de cruzar, pasar ao outro lado e non volver máis. Xa rematei de rezar todo o que sei. Só me queda recibir a bendición de Deus e fuxir. Se alguén encontra este diario que lle diga a miña familia que os quero. Adeus.

Terror no Marco do Couto [SÉTIMO]



Carla Canosa Méndez

Colexio Santa Eulalia (Dumbria)

Naquel tempo no que non había móbil, nin buses, nin lanternas para alumear, un neno chamado Xosé, meu avó, tiña que saír cando aínda era de noite da súa casa para chegar ao colexio (...). Ese día, como outro calquera, saíu ás oito para percorrer a pé os máis de tres quilómetros dende a súa casa ata a escola. Pasou pola casa de Pedro, outro neno que ía con el ao colexio, pero súa nai díxolle que estaba enfermo. Así que, só, coa pizarra ás costas, de noite, orballando e con néboa, emprendeu o camiño. Tiña que atravesar varios soutos, un río, un montón de leiras e sitios escuros onde o medo che facía ver nas sombras das árbores cousas que non había, onde os ruidos das pólas e das follas parecían chamar por criaturas estrañas. Pero este medo que sentía non era comparable co terror e o pánico que tiña ao chegar a un lugar que se chama Marco do Couto.


Os vellos do lugar contaban lendas sobre este sitio. Unha delas dicía que ao pasar o Marco do Couto con dirección a Dumbria, nunha lousa de pedra que estaba na parede do prado, había unha inscrición que poñía: *Comido por los lobos*. Segundo a lenda, esa inscrición recordaba a un neno que anos atrás vivía na mesma aldea que meu avó, e percorría a diario o mesmo traxecto para ir ao colexio. Unha mañá de inverno, escura, chuviosa e con néboa, saíu da súa casa para ir á escola e nunca máis volveu.

As xentes da aldea buscárono sen descanso durante máis de sete días, ata que un peregrino que parou a descansar no Marco do Couto, sacando os seus farrapos, sentouse ao carón da parede onde había unha lousa grande para resgardarse do vento. Ao tirar os farrapos enriba da parede, viu como unha criatura terrorífica que ben podía ser unha mestura entre oso e lobo, posto que tiña un corpo enorme e tamén unhas grandes fauces, saía correndo de xusto ao seu carón. Aterrorizado, decidiu mirar no lugar de onde saíra a criatura: alí encontrou uns zocos, manchados de sangue, e que polo tamaño podían ser dun neno de menos de dez anos. Foi correndo na procura de persoas á aldea de máis preto: os pais viron os zocos e dixeron que eran os do seu fillo.

Nunca máis se volveu saber daquel rapaz, para o recordo e terror dos seus veciños quedou a inscrición naquela lousa: *Comido por los lobos*. Ao estar preto deste lugar, e recordando o que dicía a lenda, foi tal o medo que sentiu meu avó que non foi capaz de seguir. Tivo que dar a volta e, correndo, volveu á súa casa. Foron os lobos...?

Foi a primeira vez que se escoitou falar do Vákner.

O Vákner [OITAVO]



Pedro Crespo Canabal

Colexio Peleteiro (Santiago)

Despois de chegar a Santiago, un peregrino decidiu continuar o camiño ata Fisterra. Un dos días de peregrinaxe fíxoselle tarde e anoiteceu antes de que chegase a un pobo. Encontrouse de noite nun bosque frondoso. Apenas vía nada, porque esa noite non había lúa, e de súpeto tropezo cunha campá que tiña unha nota pegada: *Víchela, agora el pódete escoitar; tocáchela, agora el pódete ver; non escoites, ou el poderate tocar*. Xusto despois de ler este texto escoitou algo no interior do frondoso bosque e asustouse, deu un salto cara atrás, de xeito que golpeou a campá, facendo así que soara, e despois sentiu que algo se movía ao seu lado. Tamén sentiu que se lle poñían de punta todos os pelos: ao seu carón estaba un corpo dunha persoa cuberta coa pelaxe dun lobo en putrefacción, parecía unha estatua cravada no chan. Tivo medo, pero conseguiu saír do bosque, que lle parecía encantado.

Cando volveu a súa casa días despois, unha noite non conseguía durmir, mais cando logrou conciliar o sono sentiu uns golpes no costado, grazas a iso espertou e viu a besta do bosque, que era quen lle estaba pegando. Desapareceu ao se tirar pola ventá. Nunca máis a volveu a ver.

Moito tempo máis tarde, apareceu nas noticias a desaparición de tres nenos no bosque frondoso: na escena do crime atopouse unha campá cunha nota ensanguentada e con pelos de mamífero pegados. Poñía *Víchela, agora el pódete escoitar; tocáchela, agora el pódete ver; non escoites, ou el poderate tocar*.

O Vákner [DÉCIMO]



Asier López Álvarez

Colexio Santa Eulalia (Dumbria)

O Vákner é unha criatura peluda e malvada que habitaba entre Dumbria e Fisterra, no Camiño de Santiago. Un peregrino armenio chamado Mártir de Arzendjan foi a Dumbria a ver o mundo: o armenio percorreu moito ata chegar a Buxantes, ao pé do petróglifo da Pedra Ancha.

A criatura empezou a camiñar ata o peregrino. Mártir correu un pouco para ir adiantando camiño: o Vákner desgustouse un pouco, xa que andaba escaso de presas. O armenio non sabía o que ía pasar, presentiu que algo malo... A besta colleu rumbo cara Mártir e foi sixilosamente cara el. O peregrino estaba a piques de beber cando escoitou un ruído enorme e viu unha sombra ao lonxe. Pola forma, o armenio empezou a describir todo o monstro de pés a cabeza: era o Vákner, que se estaba achegando. Abriu ben os ollos e o camiñante astuto comezou a facer armas con todo o que tiña ao seu redor. A criatura colleuno, pero escapou. Na mente do armenio voaban mil cousas: unha persoa bromista, un monstro real, unha muller en busca de comida... O Vákner colleuno de novo e ruxiu moi forte, e daquela soubo que era de verdade. Un coitelo, bólas de lume, pedras que empezaron a baixar pola garganta da besta ata que quedou rendida... O armenio limpou sangue e suor nunha fonte: estaba canso, pero seguiu. Vinte persoas foron armadas ao día seguinte, mais o Vákner seguía vivo: matounos a todos. Os cidadáns non entendían como Mártir escapara. A criatura quedou anos, séculos, pensando no armenio e, como este non volveu, vingouse del atacando a todo ser humano que pasaba polo seu territorio.

Esta historia sucedeu no século XV. No seu manuscrito o peregrino describe detalle por detalle a criatura peluda. Non dá tanto medo contado en forma de historia, pero a seguinte persoa que se atope coa besta quedará paralizada. Quizais este conto resulte un pouco confuso entre as xentes do 2020, pero Mártir non quedou con dúbidas. ¡Coidado, non camiñes só, podes encontrarte co Vákner moi facilmente!

O Vákner [NOVENO PREMIO]



Paula Martínez Cancela

Colexio Santa Eulalia (Dumbria)

Vou contar unha lenda que ocorreu hai arredor duns 500 anos. Na Pedra da Cabalgada, no monte Logoso, Dumbria, vivía o Vákner. Di miña avoa que o Vákner era un monstro que devoraba aos peregrinos que pasaban por alí facendo o Camiño de Fisterra. Era unha mestura de lobo con persoa, tiña uns dentes moi afiados e o corpo cheo de pelo. Un día de lúa chea, por San Xoán, estando os veciños do Logoso comendo as sardiñas, escoitaron ao lonxe os ouveos do Vákner. Fuxiron correndo para as casas. Nin rastro quedou de cans nin gatos: papáraos todos! O lobo, despois da gran enchente, marchou para a súa cova, con dor de barriga. Ao día seguinte pola mañá pasaban por alí unhas peregrinas, e o Vákner suplicoulle:

—Axuda, axuda, que vou morrer!

Ao ver que se trataba do Vákner botaron a correr, sen mirar para atrás. Cando entraron na aldea e se atoparon cos veciños de alí, con voz temerosa contáronlles o que viran:

—Estaba o Vákner pedindo axuda, disque está enfermo, que vai morrer!

Contestou a señora María: «E será con todo o que papou». Señor Manolo, que era un home intelixente, apuntou: «Penso que é a nosa oportunidade para rematar con el, que esta besta salvaxe desapareza para sempre dos nosos montes! Basta xa! Que non coma máis peregrinos nin ser vivente!»

—Que podemos facer?, preguntou a señora María.

Prepararon unha mestura con veneno, e alá foron. Déronlle a poción coa promesa de que se ía recuperar. O monstro, cheo de desconfianza, tomouna toda, entrando axiña nun sono profundo. Xamais espertou. O Vákner foi enterrado ao lado da Pedra da Cabalgada, e o Concello, en consideración a el, colocou alí unha escultura coa súa imaxe. Hoxe, o Vákner segue presente nas nosas vidas: as noites de lúa chea escóitanse os seus ouveos. Fíxose tradición popular que todos os peregrinos que pasen por aí pidan un desexo. O mito foi de boca en boca, pasando a ter millóns de visitantes. E así é como remata a figura do Vákner formando parte da nosa cultura, como un gran personaxe a quen ofrendamos os nosos desexos a cumprir.